



IG300J / IG300K / IG300L – AXUDAS Á INDUSTRIA DA AUTOMOCIÓN

Concorrenza non competitiva




Prazo de presentación:

Do 29 de xullo ás 9.00 h
ata o 30 de setembro ás 14.00 h

Orzamento
45.000.000 €

Publicación no DOG o 21 de xullo



» PARA QUEEN?

Empresas do sector de automoción cun centro de traballo en Galicia no que se desenvolva o proxecto subvencionado.

» TIPOLOXÍAS DOS PROXECTOS



IG300J – Liña 1: Desenvolvemento e innovación

- Proxectos de desenvolvemento experimental:** iniciativas orientadas a crear ou mellorar significativamente produtos, procesos ou servizos mediante a aplicación de coñecementos e tecnoloxías existentes, incluíndo o deseño, desenvolvemento, prototipado, ensaio e validación en condicións reais.
- Proxectos de innovación en materia de organización e de procesos:** actuacións destinadas a implantar novos métodos organizativos ou de produción, ou a mellorar de forma significativa os existentes, mediante cambios relevantes en procesos, técnicas, equipos ou programas informáticos.



IG300K – Liña 2: Protección do ambiente, incluída a descarbonización

- Apoio a proxectos para a protección do ambiente, incluída a descarbonización, que permitan incrementar a protección ambiental das actividades das empresas, superando ou anticipándose ás normas da Unión Europea, así como a investimentos orientados á redución global das emisións e á mellora do comportamento ambiental dos procesos produtivos.



IG300L – Liña 3: Proxectos de pemes de transformación e modernización produtiva

- Apoio a proxectos de transformación e/ou modernización produtiva das pemes para favorecer a transición ao ecosistema de mobilidade descarbonizada e conectada ou a reconversión da súa produción cara aos novos compoñentes de mobilidade verde e conectada. Os proxectos poderán incluír investimentos en activos fixos produtivos e servizos de consultoría.

» CUSTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍA DE AXUDA

- Todos os proxectos deberán contemplar un **custo subvencionable mínimo de 100.000 euros** e a **subvención máxima por proxecto** límitase a **10.000.000 euros**.
- Anticipos ata o 80% do importe da subvención** concedida sen necesidade de constituír garantías.



IG300J / IG300K / IG300L – AXUDAS Á INDUSTRIA DA AUTOMOCIÓN

» IG300J – LIÑA 1: DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES



Custos de persoal
dedicado ao proxecto



Custos de equipamento
instrumental e material



Custos de investigación
contractual



Custos
indirectos (15 %)

CONTÍA DA AXUDA

	Gran empresa	Mediana empresa	Pequena empresa
Desenvolvemento experimental	25 % *	35 %	45 %
Innovación de organización e procesos	15 % **	50 %	50 %

* So para proxectos de colaboración efectiva con pemes que asuman un mínimo do 10% dos custos subvencionables

** So para proxectos de colaboración efectiva con pemes que asuman un mínimo do 30% dos custos subvencionables.

Adicionalmente, poderanse **incrementar nun 15%** as porcentaxes aplicables á liña de **desenvolvemento experimental** sempre que se cumpra a condición de que os resultados do proxecto se difundan amplamente.

» IG300K – LIÑA 2: PROTECCIÓN DO AMBIENTE INCLUÍDA A DESCARBONIZACIÓN

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES



Adquisición de terreos
(límite 10% da base
subvencionable total)



Obra civil e outros
conceptos inmobiliarios



Bens de equipamento,
hardware, software e
instalacións necesarias
para a súa implantación



Activos
inmateriais

CONTÍA DA AXUDA

	Gran empresa	Mediana empresa	Pequena empresa
Protección do medio ambiente, incluída a descarbonización	22,5 %	27,5 %	32,5 %



IG300J / IG300K / IG300L – AXUDAS Á INDUSTRIA DA AUTOMOCIÓN

» IG300L – LIÑA 3: PROXECTOS DE PEMES DE TRANSFORMACIÓN E MODERNIZACIÓN PRODUTIVA

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES



Investimentos en maquinaria, bens de equipamento, hardware, software e instalacións necesarias para a súa implantación.




Gastos de consultoría ou asistencia técnica para a implantación do proxecto

CONTÍA DA AXUDA

Intensidade da axuda	Tipo de custo	Mediana empresa	Pequena empresa
Proxectos de pemes de transformación e modernización	Investimento	25 %	35 %
	Consultoría	50 %	50 %

» PRAZO DE EXECUCIÓN E SOLICITUDE DE COBRAMENTO

- ✓ O prazo máximo de execución dos proxectos **rematará o 30 de xuño de 2029**.
- ✓ **Prazo de xustificación e solicitude de cobramento:** un mes a partir da data de fin de execución do proxecto fixada na resolución de concesión.



MÁIS INFORMACIÓN



LIÑA 1



LIÑA 2



LIÑA 3



COMO A SOLICITO?

Solicita a túa axuda en
spiga-sede.igape.es

